

**EXP. 429/2026**

**M<sup>a</sup> DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA  
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 09/06/2026 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:**

“ .....

**6.4. Concesión de subvención nominativa ao Colectivo Hércules para a organización da carreira ‘Uros Race 2025’ en Toén (Exp. 429/2026)**

Dáse conta da instancia presentada por Enrique Thor López Arias, en nome e representación de Colectivo Hércules, con CIF G72822158, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para a realización da carreira ‘Uros Race 2025’ que tivo lugar no Concello de Toén o día 14/09/2025.

Nas bases de execución (base 24<sup>a</sup>, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén do exercicio 2026 consta a seguinte subvención nominativa:

| CIF       | ENTIDADE /FINALIDADE                                                  | IMPORTE    |
|-----------|-----------------------------------------------------------------------|------------|
| G72822158 | COLECTIVO HÉRCULES / Organización evento deportivo Uros Race ano 2025 | 4.000,00 € |

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004 (BOP nº 19, do 25/01/2005), a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos/as os/as concelleiros/as que a integran presentes na sesión e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 26/06/2023 (BOP nº 154, do 06/07/2023), ACORDA:

*PRIMEIRO.- Concederlle ao Colectivo Hércules, con CIF G72822158, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste Concello polo importe de 4.000,00 €, cantidade recollida na base 24<sup>a</sup> das bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2026, con cargo á aplicación 341.48 do estado de gastos. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados da realización da carreira ‘Uros Race 2025’ que tivo lugar no Concello de Toén o día 14/09/2025, segundo o orzamento presentado coa solicitude da subvención. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.*

*SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.*



*TERCEIRO.- De acordo co establecido nos artigos 75 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén; a entidade beneficiaria deberá presentar a través do rexistro electrónico da sede electrónica municipal <https://concellodetoen.sedelectronica.es/info.0> antes do día 01/12/2026 conta xustificativa asinada electronicamente que conterà a seguinte documentación (segundo os modelos que se remitirán xunto coa notificación deste acordo):*

- *Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*
- *Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarase o seu pagamento conforme á normativa vixente en materia de pagos, recordándose a prohibición de realización de pagamentos en efectivo por importe superior aos 1.000,00 € (artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro -modificada pola Lei 11/2021, do 9 de xullo -BOE nº 164, do 10/07/2021-).*
- *Declaración suscrita pola persoa beneficiaria ou a súa persoa representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.*
- *Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.*
- *Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentaranse as correspondentes certificacións dos ditos organismos nas que se faga constar tal circunstancia.*
- *Certificación de titularidade de conta bancaria a nome da entidade beneficiaria na que se fará o ingreso da subvención unha vez aprobada, no seu caso, a conta xustificativa.*

.....”

**E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e praxe do alcalde, Ricardo González Gómez, en Toén na data da sinatura electrónica.**

*(Documento asinado electronicamente)*

